



<b>Materia</b>	<b>IA para a Sociedade</b>	<b>Curso</b>	<b>2024/25</b>
<b>Profesora</b>	<b>Laura M<sup>a</sup> Aneiros Rodríguez</b>	<b>Nivel</b>	<b>1º ESO</b>

### UNIDADES DIDÁCTICAS E TEMPORALIZACIÓN

1ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>● UD 1. Que é a Intelixencia Artificial (IA)?</li> <li>● UD 2. O impacto da IA.</li> <li>● UD 3. Fundamentos da IA: percepción, actuación e representación.</li> </ul>
2ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>● UD 3. Fundamentos da IA: percepción, actuación e representación.</li> <li>● UD 4. Fundamentos da IA: razoamento e aprendizaxe automática.</li> </ul>
3ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>● UD 4. Fundamentos da IA: razoamento e aprendizaxe automática.</li> <li>● UD 5. Tecnoloxías transversais na IA.</li> </ul>

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Serán os que se recollen no apartado 3.3 da Programación Didáctica do Departamento e que serán transmitidos polo profesorado da materia/módulo ao alumnado correspondente.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

**Concreción dos procedementos e instrumentos de avaliación:**

- Procedementos de avaliación: tarefas de clase.
- Instrumentos de avaliación: táboas de indicadores.

Instrumentos de avaliación	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total programación
Pesos das UD	20%	10%	20%	20%	30%	100%
Proba obxectiva	0%	0%	0%	0%	0%	0%
Táboa de indicadores	100%	100%	100%	100%	100%	100%

As tarefas de clase fan referencia ás actividades prácticas que se irán propoñendo durante o desenvolvemento das unidades didácticas e que o alumnado debe realizar durante as sesións de docencia e entregalas en forma e no prazo establecido a través da plataforma Edixgal. Os traballos, tarefas ou actividades que, sen causa xustificada, non se presenten na data correspondente serán cualificados cunha nota de 0. A nota dos mesmos obterase ponderando cada un deles segundo o seu grao de complexidade (non todas as actividades terán o mesmo peso sobre a puntuación).

Os traballos, tarefas ou actividades dos que o alumnado non poida demostrar a autoría serán cualificados cunha nota de 0.

**Criterios de cualificación:**

- Cualificación de cada unha das avaliacións do curso: media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación (total ou parcialmente). A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 da programación e dependendo do grao de desenvolvemento da mesma.
- Cualificación final do curso: media ponderada das cualificacións de todas as unidades didácticas impartidas ao longo do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 da programación. A avaliación final terá unha cualificación de 0 a 10 puntos. Para superar a materia será necesario obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

### CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

O alumnado cunha cualificación inferior a 5 puntos en cada unha das avaliacións deberá recuperala, para o cal terá que realizar tarefas relacionadas coas unidades didácticas das avaliacións suspensas.

### PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Non procede.